

Cap. 4 - O NOME CONVÉRTESE EN MARCA

i.- Unha Denominación de Orixe. (O cultivo da vide.)

Nos vales do Sil e do Miño destas latitudes, nas ladeiras que se abaten cara o río, xermolan, desde antigo, féraces viñedos. Os romanos, ó comezo da nosa Historia, viron as posibilidades da contorna e asentaron o cultivo. Máis tarde os frades dos conventos da Idade Media (*“ora et labora”*) traballaron con mimo aquelas plantacións para obter un produto de connotacións místicas. (*“... froito da vide e do traballo do home ...”*, rézase na Misa).

Nese gran burato, cárcavas ininterrompidas, polas que corren a xuntarse os dous ríos aseñora un clima local (distinto ó do resto do próximo territorio), que resulta abertamente proveitoso para o cultivo da vide. Esa frutuosa circunstancia esixe unha careira contraprestación: un traballo esforzado para os labores de labranza e recolleita do prezado produto. Falamos de eidos con pendentes (ata do 70%) salvadas con socalcos ou bancais (*“Terra de cultivo contida por un valado de pedra”*, defíneos a RAG). As condicións son tais que estes cultivos entran na consideración de "viticultura heróica"¹

Ata as últimas décadas do século pasado as explotacións eran as dunha economía tradicional, e dicir, traballo familiar para satisfacer o autoconsumo coa posibilidade da venda doméstica dalgún excedente.

Nos anos oitenta a situación comezou a cambiar e, pouco e pouco, fóronse adoptando criterios

¹ Es España teñen, oficialmente, esta consideración esta zona da Ribeira Sacra, a do Priorato (Cataluña), Cangas (Asturias) e Lanzarote (Canarias).

empresariais e de desenvolvemento profesional.

No ano 1990 xa se distinguían na comarca 4 zonas produtoras de viño coñecidas comercialmente cos nomes de Ribeira do Sil, Chantada, Quiroga e O Saviñao. Os produtores, buscando unha maior nova imaxe e un recoñecemento e protección oficial solicitaron da Xunta (o órgano competente) unha declaración de “Denominación de orixe” como xa tiñan na próxima Valdeorras ou no Ribeiro e Monterrei.

Despois das súas sesións preparatorias acordando o que habían de pedir faltáballe o nome que debería identificar á comarca unificada. A existencia de dúas provincias e de varios concellos complicaba o achado dun nome en común. Calquera dos 4 nomes xa existentes reduciría o ámbito. Aproveitar o nome de Amandi, viño secularmente famoso, non sería exacto. Falar de Miño-Sil sería excesivo. Non era doado. Ata que a alguén se lle ocorreu o de Ribeira Sacra. Había interesados que non entendían o que eso puidera significar, pero foi explicado, estudado, debatido e aceptado. Visto hoxe parece razoable, pero hai 25 ou 30 anos era algo que soaba moi rebuscado. Digamos que o uso dese nome fora dos ámbitos culturais resultaba chocante.

A Xunta tamén o aceptou e en 1991 ditou a súa primeira

Nomes dos socialcos

En castelán bancales, terrazas
En galego normativo..... socialcos, bancais
En portugués socialcos

Localismos:

Taboada e
O Saviñao muras
Chantada muras, poxadas
ou patais (segundo o tamaño)
Sober e
Parada de Sil muros
A Teixeira paredes
Ribas de Sil paredós
Pantón,
Carballedo,
Nogueira de Ramuín e
A Peroxa calzadas
Alto Douro (Portugal) geios
Madeira (Portugal) poios

resolución² ó respecto con ese nome. Quizais con algunha reticencia sobre o seu futuro, pois o que nese intre recoñece non é unha Denominación de Orixe senón a mención “Viño da Terra Ribeira Sacra”, agrupando as zonas mencionadas.

Tres anos antes recoñecera á Denominación Rías Baixas, a cal non pasara un tramite previo de “Viños da terra”, como si que fixo na que nos ocupa.

En 1995³ outra Orde recoñece provisionalmente a Denominación de Orixe Ribeira Sacra aprobándose o 3 de setembro de 1996 o seu Regulamento.

Outra Orde de 9 de xullo de 1997 modifica o Regulamento e establece 5 sub-zonas e determina as parroquias que abarcará cada unha delas. O número de parroquias integrantes sería aumentado no 2009⁴.

Hai varias ordes máis, con diversas modificacións, ata chegar a unha Resolución de 24 de xullo de 2012⁵ polo que se da publicidade ó prego de condicións da Denominación de Orixe Ribeira Sacra, un requisito (chamado expediente técnico) para a C. E.

De resultas das distintas disposicións a demarcación da Denominación do Orixe queda concretada nunhas determinadas parroquias de 20 concellos. Eses concellos suman 380 parroquias, pero de entre ese número tan só 137 forman parte da Denominación. Son aquelas parroquias que teñen parte do seu territorio nos canóns ou nas súas bocaribeiras.

A superficie desta delimitación axústase, no ancho, de xeito bastante aproximado á demarcación tradicional se ben ó longo os lindes son máis extremados: polo leste traspasa o Concello de Castro Caldelas e inclúe Ribas de Sil, 2 parroquias de Pobra de Brollón e partes de Quiroga, Trives e Manzaneda. Incluso unha parroquia de San Xoán de Río. Polo norte prolonga varios quilómetros polo curso do Miño. E polo centro insire partes de Pantón, Sober e A Peroxa.

2 Orde da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes de 3 de Setembro de 1991 (DOG. Nº 1278 de 17/9/1991)

3 Orde de 30 de maio de 1995

4 Orde de 2/12/2009

5 DOG de 9/8/2012

É normal que non coincidan exactamente as dúas definicións, a da zona histórica-cultural e a da Denominación de Orixe, por canto son dúas realidades separadas definidas con criterios distintos. No primeiro caso trátase dun topónimo histórico. No segundo, dun aproveitamento dese topónimo para usalo como “marca comercial” duns viños determinados.

As consecuencias da implantación da Denominación de Orixe vinícola foron indubidábeis: por un lado prosperaron as bodegas e o porvir dese viño, cada vez da máis calidade, e por outro a sona do nome pasou dun ámbito minoritario a outro popular e xeneral.

II.- Un Consorcio de Turismo.

As actuacións no mercado do viño, como dixemos, reveláronse produtivas e o nome foise dando a coñecer nos mercados, non só no interior de Galicia senón tamén no resto de España. Visto o auxe da idea “Ribeira Sacra”, neste caso ligada ó viño, os Concellos pensaron que poderían aproveitar ese nome para máis cousas, por exemplo, un lanzamento turístico da zona.

No ano 2005 entre 12 concellos da provincia de Lugo e 8 de Ourense constitúese un Consorcio de Turismo. Isto é un "*ente público local de base asociativa*", o que ven sendo unha agrupación de réxime local pero supra-municipal, sometida ao "*réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común ... con personalidade xurídica propia* ", coma din os Estatutos. O seu obxectivo será "*articular a cooperación das administracións integrantes para o desenvolvemento dun Plan de Dinamización Turística.*"

Como entidade pública que é require da aprobación do Organismo competente, neste caso a Xunta, e por unha Orde de 8 de xuño de 2005⁶ da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local apróbase este Consorcio. Posteriormente, o 4 de outubro do 2012, o Pleno do Consorcio admite un compoñente máis, o Concello de Bóveda.

Con este farán un total de 21 Concellos que conformarán esa “sociedade pública” para explotar turísticamente o nome da “Ribeira Sacra”, aínda que haxa algún deses concellos que histórica e xeográficamente apenas teñan nada que ver e os que si están relacionados só o sexan en parte do seu territorio.

É de supoñer que detrás deste inzamento de Concellos bula un criterio intrínseco co nome de Ribeira Sacra. Sería o mesmo que serviu para estirar a zona do Sil ata o Miño: a idea de “Ribeira Sacra”, é dicir, “terra lindeira dun río santificada pola presenza de ascetas”. Pero hai concellos que, anque teñan río e ribeira, a sacralización é máis ben escasa. Nestas dúas expansións hai unha gran diferenza. No caso da Ribeira do Miño as similitudes coa do Sil eran importantes. Nesta de agora son máis ben escasas.

É comprensible a decisión dos Concellos de “anotarse” a algo que lle pode reportar beneficios, pero o número acadado resulta desproporcionado. Ademais, algo difícil de entender é a actitude dos que menos se van beneficiar. Os puntos de atracción son os que son (os canóns e os monumentos) e, de feito, na práctica, toda a actividade, publicidade e circuítos programados diríxense, decotío, sobre os mesmos destinos e obxectivos: “os de sempre”.

6 DOG N° 114 de 15/6/2005

III.- Un “xeodestino”

O 25 de Outubro de 2011 o Parlamento Galego aprobou unha nova Lei de Turismo (en substitución doutra de 2008). No artigo 5 introduce o concepto de “xeodestino turístico”, unhas áreas xeográficas, limítrofes e homoxéneas entre si, con vistas a mellorar a promoción turística, etc., etc. Serán competencia dos Concellos e ao mesmo tempo permitirán acceder ás axudas directas e convenios de colaboración, todo elo a través da Xunta.

Unha vez definido o concepto divide Galicia en 14 xeodestinos, sendo un deles a Ribeira Sacra. Este sistema foi criticado no seu momento por canto hai moitos concellos galegos que, estando no mapa de xeodestinos, non aportan nada á actividade turística e deberían estar en branco nese mapa da Comunidade. Incluso, o feito de poñer a totalidade do País con zonas ás que non se lle coñece incentivo para a visita (que o mellor si que o teñen pero non llo saben descubrir) pode resultar prexudicial para os lugares meritorios.

O xeodestino Ribeira Sacra abarca os concellos de A Peroxa, A Pobra do Brollón, A Teixeira, Bóveda, Carballedo, Castro Caldelas, Chantada, Esgos, Monforte de Lemos, Montederramo, Nogueira de Ramuín, O Saviñao, Pantón, Parada de Sil, Paradela, Portomarín, Quiroga, Ribas de Sil, Sober, Taboada e Xunqueira de Espadanedo. Son os mesmos do Consorcio, polo que, respecto á súa inclusión na demarcación, procede repetir o que a propósito dese Consorcio dixemos no apartado anterior.